



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE **ALUMNADO** AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro persoas do alumnado¹**, **dun total de catro** que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todo o alumnado, incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.

3.- Son elixibles o alumnado, que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14'00 horas do citado día 11 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presenten como candidatos/as, o día 16 de novembro, ás 12:20 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o **4 ao 18 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- As votacións realizaranse neste IES o **día 20 de novembro, de 9:30 a 13:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:30 horas.

7.- **Na papeleta** de votación **cada elector/a fará constar un máximo de tres nomes²** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Arteixo, 30 de outubro de 2024
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: **Luis Javier Ramos Asensio**

(1) Segundo proceda en cada caso.

(2) Segundo a situación particular de cada centro. Ver o artigo 42 do Decreto 92/1988.